

ACTA NÚM. 11/2025.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de decembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

WALDO CARBALLO GARCÍA.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO 10.11.2025 E 01.12.2025.
 - 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2025 AO 12.12.2025.
 - 3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 5 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.
 - 4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS CON MOTIVO DA

EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO EMITIDO POLA INTERVENCIÓN NO MARCO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2024 REALIZADO EN 2025 ASÍ COMO DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA.

8º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025 PARA REALIZAR EN 2026 ELABORADO POR INTERVENCIÓN.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2026 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO 10.11.2025 E 01.12.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do pleno tiña que formular algunha observación ou reparo as actas das sesións anteriores núm. 9/2025, do 10.11.2025, e núm. 10/2025, do 01.12.2025.

Sometidas a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobalas.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2025 AO 12.12.2025.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
00649/2025	10/10/2025	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 103
00650/2025	10/10/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DIA 14.10.2025
00651/2025	13/10/2025	DECLARANDO DESERTO O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CAFÉ - BAR DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
00652/2025	13/10/2025	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 23/2025-M
00653/2025	13/10/2025	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 68
00654/2025	13/10/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/49 CONTRATO

00655/2025	14/10/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/52 CONTRATO IBERDROLA
00656/2025	14/10/2025	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE OBRA PISTA POUSADA A NINÁNS E OUTROS, AGADER 2025-2026
00657/2025	15/10/2025	ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DUNHA TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL CONTRATADA POR SUBSTITUCIÓN DUNHA BAIXA DE IT
00658/2025	15/10/2025	SAF DEPENDENCIA LIBRE CONCURRENCIA SETEMBRO 2025
00659/2025	15/10/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/50
00660/2025	15/10/2025	SAF DEPENDENCIA SETEMBRO 2025
00661/2025	16/10/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL OUTUBRO 2025
00662/2025	16/10/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 5 E ÚLTIMA DA OBRA REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE
00663/2025	16/10/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS DO POS + 2024
00664/2025	16/10/2025	CONTA XUSTIFICATIVA PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA (PL400A)
00665/2025	16/10/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 8 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00666/2025	16/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 218
00667/2025	17/10/2025	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 33
00668/2025	20/10/2025	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO DE CONSERXERÍA PAVILLÓN DE DEPORTES DE PEDROUZOS.
00669/2025	20/10/2025	PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CÁNON DA AUGA 3º TRIMESTRE DE 2025
00670/2025	20/10/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS SETEMBRO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00671/2025	20/10/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462966.
00672/2025	20/10/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462963.
00673/2025	20/10/2025	ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES: GASÓLEO A, GASOLINA 95 SEN PLOMO, GASÓLEO C, E PELLETS
00674/2025	20/10/2025	REMISIÓN EXPTE EN RELACIÓN AO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000388/2025
00675/2025	20/10/2025	PERSOACIÓN NO P.A. 0000388/2025 E NOMEAMENTO DE LETRADO.
00676/2025	20/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 219
00677/2025	20/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 220
00678/2025	21/10/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036884
00679/2025	21/10/2025	CONTRATACIÓN DUNHA TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL POR SUBSTITUCIÓN DE IT
00680/2025	22/10/2025	SEGUNDA PRÓRROGA E DERRADEIRA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO NAVE-ALMACÉN PARA BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS
00681/2025	22/10/2025	CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DO EXERCICIO 2024
00682/2025	23/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 221
00683/2025	23/10/2025	APROBACIÓN DAS BASES DO VIII PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2026
00684/2025	23/10/2025	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00685/2025	23/10/2025	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00686/2025	23/10/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN CONTRATACIÓN SOCORRISTA
00687/2025	23/10/2025	APROBACIÓN CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE

		SEGURIDADE E O CONCELLO PARA A INCORPORACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL AO SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (SISTEMA VIOGÉN).
00688/2025	24/10/2025	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00689/2025	24/10/2025	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00690/2025	24/10/2025	COMPROMISO DE EXCUTAR A OBRA DO POS + 2024 MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS ANTES DO 30.11.2025.
00691/2025	24/10/2025	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DO POS 2023 MELLORA DO VIARIO DENDE RÚA GONDAR
00692/2025	24/10/2025	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DO POS + ADICIONAL 2 2024 MELLORA DO VIARIO ALDEA DE LAMIÑO
00693/2025	27/10/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DIA 28.10.2025 ÁS 14.00 HORAS
00694/2025	28/10/2025	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 69
00695/2025	28/10/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036988
00696/2025	29/10/2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN 1 E ÚNICA OBRA DE ADECUACIÓN DA VÍA DOS CRUZADOS
00697/2025	29/10/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/54 CONTRATO
00698/2025	29/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 223
00699/2025	29/10/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO 10.09.2025
00700/2025	29/10/2025	MODIFICACIÓN TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN
00701/2025	30/10/2025	CONTA XUSTIFICATIVA INFRAESTRUCTURAS TURÍSTICAS 2025
00702/2025	30/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 222
00703/2025	30/10/2025	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2025
00704/2025	30/10/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL FUNCIONARIO DO ANO 2025 (ASISTENCIAS 2024)
00705/2025	30/10/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE PRODUTIVIDADE (INCENTIVOS AO RENDEMENTO) DO PERSOAL LABORAL DO ANO 2025 (ASISTENCIAS 2024)
00706/2025	30/10/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. OUTUBRO 2025.
00707/2025	31/10/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA CONCILIA NADAL 2025 E CONCILIA ANTROIDO E CONCILIA PASCUA 2026
00708/2025	31/10/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 224
00709/2025	31/10/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2025
00710/2025	31/10/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2025
00711/2025	31/10/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000498190
00712/2025	03/11/2025	RECOÑECIMENTO DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DUN FUNCIONARIO PÚBLICO
00713/2025	03/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA AXENTE DE IGUALDADE 2026
00714/2025	03/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO 2026
00715/2025	04/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACION PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2026
00716/2025	04/11/2025	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOA MOZA DESEMPREGADA INSCRITA NO SNGX
00717/2025	04/11/2025	MODIFICACIÓN DECRETO DE PERSOACIÓN NO P.A. 0000388/2025 E NOMEAMENTO DE LETRADO
00718/2025	04/11/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN

		MATERIA DE TRÁFICO 99500000037084
00718/2025	05/11/2025	EMERXENCIA MUNICIPAL 07/2025-MFO
00719/2025	06/11/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS OUTUBRO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00720/2025	06/11/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 18/2023-D
00721/2025	07/11/2025	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PO 205/2025
00722/2025	07/11/2025	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PO 288/2025 (PRODUTIVIDADE GES)
00723/2025	07/11/2025	DESIGNACIÓN DE ASITENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL : IAA 255/2025 (COLEXIO INEF)
00724/2025	07/11/2025	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PO 06/2025 (RECLAMACIÓN DE CANTIDADES GES)
00725/2025	07/11/2025	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PA 55/2025 (R.M.R.G.)
00726/2025	07/11/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 11.11.2025 ÁS 12:00 HORAS
00727/2025	07/11/2025	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DO 10.11.2025, ÁS 13:00H.
00728/2025	10/11/2025	APROBACIÓN DEFINITIVA AXUDAS PARA ESCOLARIZACIÓN CURSO 2025-2026
00729/2025	10/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA MANTEMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2026
00730/2025	10/11/2025	APROBACIÓN CONVENIO CON "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHÚI" 2025
00731/2025	11/11/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037170
00732/2025	11/11/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/55 CONTRATO
00733/2025	12/11/2025	APROBACIÓN E ACEPTACIÓN DAS BASES SUBV. DEPUTACIÓN DINAMIZACIÓN E XESTIÓN ESPAZO COWORKING
00734/2025	12/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN PARA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
00735/2025	12/11/2025	CORRECCIÓN DE DECRETO Nº 2025/G003/000754_ APROBACION DEF. AXUDAS A ESCOLARIZACIÓN CURSO 2025-2026
00736/2025	12/11/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/47 OMISIÓN
00737/2025	12/11/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/51 (+3.000)
00738/2025	12/11/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/53
00739/2025	12/11/2025	REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA OBRAS CONSISTENTES NUNHA CASETA E UN PECHE EN RUBIAL
00740/2025	12/11/2025	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXCUCIÓN POR INCUMPRIMENTO DE XESTIÓN DE BIOMASA
00741/2025	12/11/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVIEMBRE
00742/2025	13/11/2025	SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DE SUBV. Á DEPUTACIÓN DO PEL CONCELLOS 2026
00743/2025	13/11/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617758
00744/2025	13/11/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN COWORKING 2026
00745/2025	14/11/2025	ACORDO EN MATERIA DE TRÁFICO RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO - 23538/2025
00746/2025	14/11/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.13/2019-D
00747/2025	14/11/2025	SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2026.
00748/2025	17/11/2025	LIQUIDACIÓN 3º TRIMESTRE MANCOMUNIDADE MCSB
00749/2025	17/11/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 15/2025 POR XERACIÓN DE

		CRÉDITO 7/2025
00750/2025	17/11/2025	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA ADXUDICACIÓN CONSERXERÍA PAVILLÓN DE DEPORTES.
00751/2025	17/11/2025	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN MELLORA VIARIO CORUXIDO A SABAXÁNS
00752/2025	18/11/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 E DERRADEIRA MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS DO POS + 2024
00753/2025	18/11/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 1 REFORZO DAS SENDAS AGRARIAS E REFORZO DA OFERTA NA CARBALLEIRA
00754/2025	18/11/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037262
00755/2025	18/11/2025	LICENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00756/2025	18/11/2025	INSCRICION DUN ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO
00757/2025	19/11/2025	APROBACIÓN DEFINITIVA PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CÁNON DA AUGA 3º TRIMESTRE DE 2025
00758/2025	19/11/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461669
00759/2025	19/11/2025	APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2025
00760/2025	19/11/2025	PRÓRROGA DO CONTRATO BASADO EN ACORDO MARCO DA FEMP PARA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA.
00761/2025	20/11/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 225
00762/2025	21/11/2025	INSCRICIÓN DUN ANIMAL P.P. NO REXISTRO MUNICIPAL,
00763/2025	21/11/2025	MODIFICACIÓN SAF EXPTE. 04/2024-D
00764/2025	21/11/2025	CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGA" PARA O ACOMPAÑAMENTO SOCIAL A PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS DURANTE 2025
00765/2025	24/11/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 25.11.2025 ÁS 14:00 HORAS
00766/2025	26/11/2025	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. NOVIEMBRE 2025
00767/2025	26/11/2025	APROBACIÓN FONDO DE ACCIÓN SOCIAL ANO 2025 (GASTOS 2024)
00768/2025	26/11/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVIEMBRE 2025.
00769/2025	26/11/2025	LICENZA MUNICIPAL TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00770/2025	28/11/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462862
00771/2025	28/11/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EXPLOTACIÓN CAFÉ.- BAR CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
00772/2025	28/11/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2025
00773/2025	28/11/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2025
00774/2025	28/11/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PROXECTO MELLORA VIARIO CORUXIDO A SABAXÁNS- POS + ADICIONAL 2/2025
00775/2025	28/11/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO CONSERXERÍA PAVILLÓN DE DEPORTES DE PEDROUZOS
00776/2025	28/11/2025	APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN PRACTICADAS DE OFICIO POLA TGSS
00777/2025	28/11/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, VÍA CONVENIO, PARA OBRA DE MELLORA ENVOLVENTE TÉRMICA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
00778/2025	28/11/2025	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DO 01.12.2025, ÁS 13:00H

00779/2025	28/11/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVICIOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - SETEMBRO 2025
00780/2025	28/11/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVICIOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - OUTUBRO 2025
00781/2025	28/11/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVICIOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - NOVIEMBRE 2025
00782/2025	28/11/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE ELEMENTOS DECORATIVOS PARA FEIRA DE NADAL
00783/2025	28/11/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE ILUMINACIÓN DE NADAL
00784/2025	01/12/2025	APROBACIÓN DE LISTADOS DEFINITIVOS DE CONCILIA
00785/2025	01/12/2025	CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR MEDIO DO PROGRAMA DE GARANTÍA XUVENIL
00786/2025	01/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/58 CONTRATO
00787/2025	01/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/57
00788/2025	01/12/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BANDA DE MÚSICA
00789/2025	01/12/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. BALONCESTO GALDEA
00790/2025	02/12/2025	BAIXAS POR CADUCIDADE DE EXTRANXEIROS ERROR 111 ANO 2025
00791/2025	02/12/2025	INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037441
00792/2025	02/12/2025	PAGO TAXAS DGT POR CAMBIO DE TITULARIDADE DE VEHÍCULO CEDIDO POLA DEPUTACIÓN
00793/2025	02/12/2025	APROBACIÓN BASES CONCURSO TARXETAS DE NADAL 2025
00794/2025	02/12/2025	PAGO DE PREMIOS ECONÓMICOS XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA 2025
00795/2025	02/12/2025	EXPEDIENTE DE CADUCIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA CONCEDIDA POLA XGL 16.12.2007 PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE BRIÓN DE ABAIXO Nº 27
00796/2025	03/12/2025	REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA POR OBRAS EN CORUXIDO
00797/2025	03/12/2025	RECOÑECIMENTO DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DUNHA EMPREGADA PÚBLICA
00798/2025	03/12/2025	INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIA A TRIBUNAL PEL 2024
00799/2025	03/12/2025	INDEMNIZACION POR RAZON DE SERVICIO TRIBUNAL PEL 2025
00800/2025	03/12/2025	INDEMNIZACIONES POR RAZON DE SERVICIO TRIBUNAL APROL 2025
00801/2025	03/12/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS NOVIEMBRE 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00802/2025	03/12/2025	INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DE SERVICIO TRIBUNAL BRIGADA DE SERVICIOS MUNICIPAIS PERSOAL LABORAL TEMPORAL LIMPEZA FAIXAS SECUNDARIAS
00803/2025	04/12/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN TAXA SUBMINISTRACIÓN AUGA
00804/2025	04/12/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENARIO APROBACIÓN EMC 14 2025 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02 2025)
00805/2025	04/12/2025	APROBACIÓN PADRÓN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN 1 TRIMESTRE DO CURSO 2025-2026
00806/2025	04/12/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 24-2023-D
00807/2025	05/12/2025	APROBACIÓN PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 1 TRIMESTRE DO CURSO 2025-2026
00808/2025	05/12/2025	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL

		MUNICIPAL. DECEMBRO 2025
00809/2025	05/12/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 1ª DA OBRA PISTA POUSADA A NINÁNS E OUTROS DO PLAN CAMIÑA RURAL 2025 2026
00810/2025	05/12/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PARCIAL DA SUBVENCIÓN PLAN CAMIÑA RURAL 2025 2026
00811/2025	10/12/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE IMPERMEABILIZACIÓN DE POZOS DE SANEAMENTO E MONITORIZACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS
00812/2025	10/12/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PROXECTO DE INVESTIMENTO NO PALCO DA MÚSICA DA CARBALLEIRA E DIVULGACIÓN DOS RECURSOS
00813/2025	10/12/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA SOMBREADO NATURAL DAS RÚAS E PRAZAS DE BRIÓN
00814/2025	10/12/2025	APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGA" DURANTE 2025
00815/2025	11/12/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN: SOMBREADO NATURAL DAS RÚAS E PRAZAS DE BRIÓN
00816/2025	11/12/2025	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 16/12/2025
00817/2025	11/12/2025	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DO MARTES 16/12/2025

O Pleno toma coñecemento.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 5 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 25.11.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 16.12.2025, que transcrita di:

I. Antecedentes:

1. A relación de postos de traballo (en adiante RPT) do Concello de Brión, foi aprobada polo Pleno en sesión de data 31 de xullo de 2019, e publicada no BOP nº 149, de data 8 de agosto de 2019.
2. A 1ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 27 de febreiro de 2020, e foi publicada no BOP do 23 de xuño de 2020.
3. A 2ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 21 de abril de 2021, e foi publicada no BOP do 2 de xuño de 2021.
4. A 3ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 29 de marzo de 2023, e foi publicada no BOP do 11 de maio de 2023.
5. A 4ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 29 de maio de 2024, e foi publicada no BOP do 4 de xullo de 2024.
6. Consta informe da empresa Galivalia S.L., contratista do servizo de asesoramento técnico - xurídico en materia de recursos humanos, que foi a que confeccionou a RPT, de data 07.11.2025, onde se contén a modificación que se propón.
7. Considera a alcaldía mediante providencia de inicio do expediente do 19.11.2025 a necesidade de modificar a RPT.

Neste expediente se trata en esencia da revisión dos postos do corpo da Policía Local co obxecto de contemplar e valorar as singulares circunstancias de dedicación e incompatibilidade a través da modificación do complemento específico.

8. Esta modificación foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación do 13.11.2025.

II. Fundamentos de dereito:

-. Artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para aprobación da RPT.

-. Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Vistos os informes de secretaría e intervención, e á vista do exposto propónse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Realizar as seguintes adaptacións no persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

1. Modificación dos postos do corpo da Policía Local, quedando a ficha dos postos do seguinte xeito:

CÓDIGO	04.00.00.01
DENOMINACIÓN	XEFE/A POLICÍA LOCAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE CIDADÁ
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.E. (S.E.)
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Exercer a xefatura da Policía Local, coas obrigas derivadas desta.
	Asumir a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.
	Organizar e coordinar o persoal e elaborar o plan de servizos.
	Colaborar na coordinación da Policía Local con outras forzas e corpos de seguridade, con protección civil, coas centrais de emerxencias e coa administración de Xustiza.

	Asumir as funcións propias da súa escala, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN TOTAL INCOMPATIBILIDADE

CÓDIGO	04.00.00.02 a 04.00.00.03
DENOMINACIÓN	POLICÍA LOCAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE CIDADÁ
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.E. (S.E.)
GRUPO	C1
FUNCIÓNS	Asumir as funcións propias da escala e categoría, segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local, e demais normativa vixente.
	Emitir informes e partes de incidencias.
	Policía administrativa, no relativo a velar polo cumprimento das ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
	Realización de notificacións ou traslados de actos administrativos.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

OBSERVACIÓNS	
	TRABALLO A QUENDAS
	DISPONIBILIDADE HORARIA
	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

2º) Aprobar a matriz para a determinación do complemento específico dos postos que se modifican, que figura de seguido:

2.1. VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILIDADE			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI.	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
04.00.00.01	XEFE/A POLICÍA LOCAL	90	9	54	148	130	50	40	56	577	600
04.00.00.02	POLICÍA LOCAL	30	9	54	74	78	50	40	56	391	400
04.00.00.03	POLICÍA LOCAL	30	9	54	74	78	50	40	56	391	400

De conformidade co anteriormente exposto, o cadro resultante da presente modificación puntual da RPT é o seguinte:

1. Postos modificados:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 PAGAS)	PROV	R.N.	TITULACIÓN	ADM	OBSERVACIÓNS
04.00.00.01	XEFE/A POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	18	11.700	L	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	A.L.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN. TOTAL INCOMPATIBILIDADE
04.00.00.02	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	18	7.800	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	A.L.	TRABALLO A QUENDAS. DISPONIBILIDADE HORARIA. TOTAL INCOMPATIBILIDADE
04.00.00.03	POLICÍA LOCAL	F	A.E. (S.E.)	C1	18	7.800	C	R.N.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE	A.L.	TRABALLO A QUENDAS. DISPONIBILIDADE HORARIA. TOTAL INCOMPATIBILIDADE

3º) Aprobar inicialmente a modificación núm. 5 da relación de postos de traballo que figura especificada e dispoñer, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información

pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes; de non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia. Antes da entrada en vigor desta modificación debe procederse a elaborar un orzamento que recolla o incremento ou ben a tramitar a oportuna modificación sobre o orzamento prorrogado para o exercicio 2026.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.12.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 16.12.2025, que transcrita di:

Téndose confeccionado unha Ordenanza municipal non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Brión, posto que o concello carecía da mesma.

Realizado o trámite de consulta, audiencia e información públicas do proxecto a través da exposición pública do proxecto normativo por medio da súa publicación no taboleiro de edictos do concello que se aloxa na sede electrónica, non téndose presentado ningunha achega ou observación adicional dentro do prazo de dez días.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Brión, cuxo texto é o seguinte:

Ordenanza municipal non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Brión.

Preámbulo.

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Como sucede en gran parte do territorio galego, dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos. A actividade de aproveitamento forestal debe, por tanto, facerse compatible coa conservación dos camiños e coa seguridade viaria, xa que a

utilización axeitada dos camiños municipais é un dereito que lle corresponde a toda a cidadanía. Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e deterioracións ocasionados por estas actividades nos camiños e vías municipais.

A regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Título I. Obxecto, fundamento xurídico e ámbito de aplicación.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é protexer os camiños e pistas municipais do termo municipal de Brión en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga da madeira, así como a esixencia da responsabilidade por posibles danos producidos neles.

Artigo 2. Fundamento xurídico.

A presente ordenanza fundaméntase no uso das competencias que lle atribúe ao concello os artigos 4.1 a), 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6.1 a), 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais.

Así mesmo, para a aplicación desta ordenanza mediante a presentación dunha comunicación previa fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 84.c), 84 bis e 84.ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

3.1. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan para a obtención e/ou transporte de madeira de corta, incluíndo tanto calquera das operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos, maquinaria, preparación de terreos de acceso) e as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

3.2. A efectos desta ordenanza non terán a consideración de "cortas forestais" os seguintes traballos:

3.2.1. Podas simples e podas de formación en plantacións forestais.

3.2.2. Rozas e limpeza de predios.

3.2.3. Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.

3.2.4. Cortas puntuais ou illadas de menos de 5 exemplares.

3.2.5. A eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens.

3.2.6. As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para usos domésticos con vehículos agrícolas.

3.3. No suposto de tratarse dunha corta sen aproveitamento madeireiro a persoa titular do monte deberá comunicar igualmente ao concello que vai a realizar a corta e indicar o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade de especie, situación de perigo para as persoas ou bens, etc), e achegará o título habilitante da consellería competente.

Artigo 4. Procedemento de comunicación previa.

4.1. Para garantir o cumprimento desta ordenanza e así preservar os camiños e vías municipais como consecuencia das sacas de madeira dentro do termo municipal de Brión ou, producíndose a corta total ou parcialmente noutro termo municipal, cando a madeira sexa transportada, en todo ou en parte, por vías municipais do Concello de Brión, será obrigatorio presentar nas oficinas do Concello de Brión comunicación previa da corta segundo o modelo establecido no Anexo I, cunha antelación mínima de 15 días hábiles, xunto coa documentación esixible, todo elo sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos e autorizacións sectoriais pertinentes.

4.2. O escrito de comunicación previa será efectuado pola persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireira (é dicir, responsable da corta, a persoa que realice as labores de preparación do terreo, corta, saca, depósito e/ou transporte de madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algunha destas labores nas parcelas da súa propiedade, cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización), segundo modelo Anexo I, debendo constar na mesma o seguinte:

a) Datos de identificación do madeireiro (e de ser o caso, do empresario subcontratado que vai a facer os traballos) e do propietario forestal:

a.1. Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.

a.2. Identificación Persoa xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome e apelidos e NIF do representante da empresa.

b) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira (incluíndo a retirada de madeira da parcela e dos restroballos resultantes).

c) Identificación do/os vehículo/os cos que se desenvolverán os traballos: Marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos.

d) Especie de madeira obxecto de corta.

e) Volume máximo de toneladas que se prevé extraer.

f) Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC da finca ou monte afectado e referencia catastral.

g) Identificación do lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga así como das vías que ser vaian a utilizar para o transporte.

h) Autorizacións sectoriais (de ser o caso):

- Fotocopia cotexada da declaración responsable, comunicación previa, solicitude ou do permiso, autorización, ou licencia ou calquera outro título habilitante que sexa esixible, expedido pola autoridade competente.

Lémbrese a este respecto que en ningún caso se poderán iniciar os traballos de tala sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente cando as parcelas obxecto de actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

i) Fotocopia cotexada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira ou, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a realizar os traballos, que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.

j) Xustificante de ter depositada a fianza nos termos e na contía que resulte desta ordenanza.

4.1. A presentación da comunicación previa levarase a cabo nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Brión ou ben a través dalgún dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

4.2. Unha vez presentada a comunicación previa e a documentación completa, os funcionarios da Policía Local, comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian a ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.

O Concello de Brión establece un prazo de 15 días hábiles para declarar completa a documentación presentada, por este motivo a comunicación deberá presentarse a lo menos con esta antelación á realización das tarefas.

4.3. De estaren realizándose os traballos sen que a empresa madeireira ou a persoa propietaria do monte ou predio forestal cumprisen coa obrigaón a que se refire este artigo, o concello lles requirirá para que no prazo de 24 horas presenten un escrito de posta en coñecemento da actividade, co mesmo contido que a comunicación previa, sen prexuízo de que o concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

De estaren realizándose os traballos e da comunicación previa presentada resulta a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento achegado, se requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 24 horas, sen prexuízo de que o concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

4.4. De non cumprir co previsto no número anterior ordenarase, no primeiro caso o cese definitivo da actividade, e no segundo, logo de audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación coa prohibición definitiva de exercicio da actividade, todo isto sen prexuízo da sanción que corresponda.

4.5. O concello resérvase o dereito a propoñer cambios na ruta de acceso proposta ou denegar ou limitar o acceso e/ou depósito por calquera das vías indicadas na comunicación previa, de forma motivada por mor da capacidade do firme da vía ou o seu mal estado, ou pola utilización dos viarios na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada, o que se porá en coñecemento do interesado achegando o correspondente informe técnico ou da Policía local emitido ao respecto.

Artigo 5. Obrigas dos/las madeireiros/as ou propietarios/as que realicen a corta e o depósito, carga e transporte da madeira cortada. Responsabilidade derivada do incumprimento das mesmas.

5.1. Son obrigas do/a madeireiro/a encargado /a de realizar as operacións de saca de madeira as seguintes:

- a) Presentar o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- b) Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción ou depósito da madeira consonte á normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- c) Limpar, retirar ou asimilar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas

operacións. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

d) Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.

e) Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.

f) Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares de corta, vías de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.

g) Constituír a prol do Concello de Brión a garantía conforme ao establecido nesta ordenanza.

h) Os depósitos de rolla, ramas ou podas non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontellas, ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

i) As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

j) Non se poderán realizar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movemento de terra suxeito a licenza.

5.2. Responsabilidade.

5.2.1. O madeireiro encargado da corta será a responsable directamente de todos os danos e prexuízos producidos ás persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Brión velará para que ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

5.2.2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa, que de ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder. No caso de que o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables subsidiarios do cumprimento das obrigas indicadas no apartado primeiro do presente artigo, os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate.

5.2.3. Todo isto enténdese en prexuízo da imposición de sancións que correspondan polos incumprimentos deste ordenanza, conforme ao establecido no Título II da mesma.

Artigo 6. Fianza.

6.1. O responsable da corta está obrigado a depositar unha garantía a favor do concello co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza.

Unicamente admitiranse garantías en metálico ou avais bancarios.

6.2. Establécense dúas categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte de madeira cortada:

☐ Vehículos con peso máximo autorizado non superior a 16 TN: 3.000,00 €/ comunicación previa de corta.

☐ Vehículos con peso máximo autorizado superior a 16 TN: 5.000,00 €/ comunicación previa de corte.

6.3. No caso de que a garantía achegada sexa o aval bancario, o mesmo outorgarase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do Concello de Brión.

O aval terá vixencia indefinida, permanecendo en vigor ata que o Concello de Brión, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co disposto na Ordenanza non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas, con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Brión, e demais normativa de réxime local aplicable. No aval deberá figurar o número de expediente administrativo.

6.4. No caso de que a garantía achegada sexa fianza, esta constituirase mediante carta de pago emitida ao efecto polo Concello de Brión, na que figurará o número de expediente administrativo.

6.5. O interesado está obrigado a comunicar o remate dos traballos nun prazo máximo de 7 días naturais ao momento no que os termine. Unha vez feita a anterior comunicación a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completarase nun prazo de 30 días naturais, logo de que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas, no dominio público ou en calquera clase de bens sobre os que o concello teña o deber de velar.

6.6. Se o concello constatase a produción de danos dos que deba facerse cargo o responsable da corta, incluída a acumulación de restos procedentes de operacións de carga e almacenamento, lle requirirá para que os repare coa advertencia de que, transcorrido o prazo de 7 días naturais, contados dende o requirimento sen que o faga, o concello poderá executar subsidiariamente, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

No caso de non atender ao requirimento anterior ou de incumprimento defectuoso e logo de obter os antecedentes que se estimen oportunos, os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un informe para determinar os custos derivados da execución subsidiaria, e de esixencia de responsabilidade, con proposta de incautación de garantía e liquidación provisional, de resultar aquela insuficiente.

O responsable da corta disporá dun trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles para efectuar alegacións e valerse dos medios de proba que estime oportunos, logo do cal o concello adoptará resolución que concluírá coa declaración de inexistencia de responsabilidade decretando a devolución da garantía, ou coa declaración da existencia de responsabilidade, ordenando a incautación total ou parcial da garantía e aprobando a liquidación provisional polos gastos non cubertos por aquela, de ser o caso.

Dita liquidación constitúe un recurso de dereito público, polo que de non ingresarse nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, poderá esixirse pola vía de constrinximento.

6.7. Esta responsabilidade regulada neste precepto é independente da apertura do expediente sancionador que corresponda por mor dos incumprimentos en que incorran os interesados.

6.8. As garantías reguladas neste precepto serán igualmente esixidas cando a corta se estea a realizar noutro termo municipal, pero os vehículos teñan que circular por algún camiño de titularidade do Concello de Brión. Para tal efecto, deberase efectuar a comunicación previa nos termos indicados na presente ordenanza, de forma que unha vez se teña coñecemento desta circunstancia sen ter efectuado comunicación, procederase a realizar o oportuno requirimento ao madeireiro/a responsable.

Título II. Infraccións e sancións.

Artigo 7. Infraccións.

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparelhada a imposición das correspondentes sancións aos responsables, ademais da obriga de facer as reparacións dos danos, do mantemento e de limpeza das vías, así como de indemnizar a quen resulte prexudicado polos danos derivados da súa actuación.

2. As infraccións desta ordenanza se cualifican en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

b) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen presentar, no prazo que se lle indicou unha vez que foi requirido polo concello, o escrito de comunicación previa ou de emenda da comunicación defectuosamente presentada.

c) Non realizar os traballos necesarios para que as pistas, camiños e espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos e realizado o requirimento por parte do concello.

d) A realización dos traballos de saca de madeira usando pistas, camiños, ou espazos públicos municipais respecto dos cales se lle denegara por parte do concello a súa utilización.

e) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes en vía administrativa.

4. Constitúen faltas graves:

a) Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado o escrito de comunicación previa, aínda que se achegue despois de ser requirido polo concello.

b) Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado a comunicación previa coa antelación prevista no artigo 4 da presente ordenanza, aínda que se emendase despois de ser requirido polo concello.

c) Ocultar ou falsear os datos e documentos presentados en relación con esta ordenanza.

d) Incumprimento por parte do propietario do monte ou parcela da obriga de identificar o madeireiro.

e) A comisión no prazo dun ano de dúas faltas leves que sexan firmes en vía administrativa.

5. Constitúen faltas leves: calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao concello.

Artigo 8. Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

a) Infraccións leves: multa de ata 750,00 €.

b) Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 € a 1.500 €.

c) Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 a 3.000 €.

2. Gradación das sancións:

Para a gradación das sancións atenderase:

- * Á natureza do risco ou dano ocasionado, considerando dano extremo dificultar e/ou impedir o tráfico normal de vehículos e persoas polas vías públicas municipais.
- * Á súa repercusión e transcendencia polo que respecto ao prexuízo causado.
- * Ó custo de restitución.
- * Á existencia de intencionalidade ou reiteración na comisión de infraccións desta ordenanza.
- * Ó retraso inxustificado na reparación dos elementos danados.

Artigo 9. Responsabilidade.

9.1. Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo 8 as persoas físicas ou xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros ou propietario do monte ou parcela.

9.2. Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 10. Procedemento.

1. O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo consonte ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. De xeito específico indícase que as multas e sancións determinadas inicialmente no acordo de incoación do procedemento sancionador reduciranse na súa contía nun 50% sempre que no prazo de 15 días, contados a partir da notificación daquel, a persoa infractora mostre por escrito a súa conformidade con elas, e pague e renuncie expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

3. Os pagamentos das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo das correspondentes responsabilidades de calquera outra índole, tanto administrativas como civís ou penais en que puidese incurrir.

4. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar.

5. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o señor alcalde ou concelleiro en quen delegue, consonte ao establecido no artigo 21.1 n) da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

A instrución exercerase pola persoa que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer na persoa en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 11. Prescrición das infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, que se computarán dende o día en que se tivera cometido a infracción.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos, e as impostas por faltas leves ao ano, que se computarán dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

Disposición derradeira.

Primeira. En cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei //1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días hábiles previstos no artigo 65.2 do citado texto legal.

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I

Comunicación previa para actividade de depósito, carga e transporte da madeira procedente da corta forestal.

DATOS MADEREIRO.

Nome e apelidos/razón social:

D.N.I. - C.I.F.:

Enderezo a efectos de notificación:

Código postal:

Teléfono

Municipio

Provincia

REPRESENTANTE.

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo a efectos de notificación:

Código postal

Teléfono

Municipio

Provincia

EXPÓN: Que pretende realizar os traballos de corta de madeira

DATOS DA/S PARCELA/S.

(no caso de que se fagan varios traballos simultaneamente reflectir os datos de todas as parcelas afectadas)

Referencia catastral:

Superficie da parcela:

Superficie talada:

Coordenadas UTM:

Polígono

Parcela

Especie:

Lugar – Parroquia:

DATOS PROPIETARIO DA PARCELA.

Nome e apelidos/razón social:

D.N.I. - C.I.F.:

Enderezo a efectos de notificación:

Municipio

Provincia

Dirección electrónica/email a efecto de notificacións:

Teléfono Código postal

DATOS DA MAQUINARIA E CAMIÓN DE TRANSPORTE.

TIPO MAQUINARIA:

MODELO:

MATRÍCULA:

P.M.A.:

DURACIÓN ESTIMADA DOS TRABALLOS:

Tm. DE MADEIRA A TALAR (APROX.):

Data inicio: Data remate: (aprox.)

Lugar onde se depositará a madeira:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar a que se achega)

☐ 0 Fotocopia do CIF/NIF do/a solicitante e, no seu caso do/a representante.

☐ 0 Fotocopia da comunicación previa, declaración responsable, solicitude ou do permiso, autorización ou licencia de corta.

☐ 0 Autorización/s sectorial correspondente/s (se procede).

☐ 0 Xustificante de pago da fianza o artigo 6 da ordenanza reguladora.

☐ 0 Plano identificando o lugar de depósito e das vías a utilizar para o transporte de madeira.

☐ 0 Identificación en plano de Catastro ou SIXPAC da finca ou monte afectado coa súa referencia catastral.

☐ 0 Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar e do último recibo pagado.

☐ 0 Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil.

☐ 0 Xustificante depósito de fianza.

☐ 0 O INTERESADO DECLARA COÑECER A OBRIGA PREVISTA NO ARTIGO 6.4 DA ORDENANZA REGULADORA, DE COMUNICAR AO CONCELLO O REMATE DOS TRABALLOS NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 (SETE) DÍAS NATURAIS, CONTADOS DENDE QUE OS TERMINE.

En, a de de 20.....

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BRIÓN.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, prazo que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións.

No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que temos unha pelexa continua cos madeireiros e que neste momento por exemplo están a facerse doce cortas e que resultará beneficioso para todos, veciños e concello.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO EMITIDO POLA INTERVENCIÓN NO MARCO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2024 REALIZADO EN 2025 ASÍ COMO DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA.

Dada conta do informe resumo emitido pola intervención no marco do plan anual de control financeiro 2024 realizado en 2025 asinado con data 25.11.2025, así como do plan de acción da alcaldía asinado pola mesma con data 25.11.2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025 PARA REALIZAR EN 2026 ELABORADO POR INTERVENCIÓN.

Dada conta do Plan Anual de Control Financeiro para 2025 elaborado por intervención ao abeiro do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, a realizar ao longo do exercicio 2026, asinado con data 25.11.2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2026 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.12.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 16.12.2025, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS + Adicional 1/2026**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, publicadas no BOP 231, do 02.12.2025, e a circular da Deputación sobre este plan de data decembro de 2025, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS + Adicional 1/2026**” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL 2026

82.169,64 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	570.122,00	356.888,00	213.234,00	82.169,64 €	131.064,36
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j					
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	570.122,00	356.888,00	213.234,00	82.169,64 €	131.064,36

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	82.169,64 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	82.169,64 €

2º) Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos

subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

10º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos dez membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

10.1. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO 2025-2028.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.12.2025, que transcrita di:

Con data 09.12.2025 esta alcaldía asinou coa Fundación Rosalía de Castro un convenio de colaboración, que ten o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Padrón a 9 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Don Pablo Lago Sanmartín con DNI 78799089P, alcalde do Concello de Brión, que actúa en nome e representación desta Corporación.

E doutra, Don Anxo Angueira Viturro DNI 76515135T, que intervéen en nome e representación da Fundación Rosalía de Castro, en calidade de presidente da devandita fundación, con domicilio social en Casa Museo Rosalía de Castro, A Matanza, s/n Padrón, 15917 A Coruña e CIF G15040850.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1. Que o Concello de Brión conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas o apoio e o fomento da cultura.

2. Que a Fundación Rosalía de Castro, unha fundación privada sen ánimo de lucro e de Interese Galego, vén traballando na difusión e enalzamento da cultura galega, participando co devandito concello, entre outros, na organización de eventos diversos.

3. Que a Casa-Museo de Rosalía está sostida pola Fundación Rosalía de Castro, creada en 1947 (daquela co nome de Patronato Rosalía) por persoas comprometidas coa cultura galega que conseguiron abrir as portas da Casa de Rosalía como Casa-Museo en 1972. Máis de 70 anos despois esta institución -que non recibe financiamento público regular que asegure o seu mantemento anual nin o seu futuro- quere reafirmarse na súa independencia económica e cultural e no apoio das xentes e entidades comprometidas co país e coa súa cultura. Por esta razón vén de iniciar un proceso de procura de financiamento de empresas, concellos e particulares de todo o país.

É por iso que se acorda establecer un convenio de colaboración, tendo á Fundación Rosalía de Castro como beneficiaria, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.

A Fundación Rosalía de Castro comprométese a ofrecer visitas guiadas (adaptadas á idade) a calquera entidade educativa do Concello de Brión, ademais de calquera asociación cultural que colabore co consistorio municipal. Sen límite de participantes e previa consulta coa Fundación. Asemade, as persoas censadas no Concello de Brión poderán entrar de xeito gratuíto na Casa-Museo.

Segunda.

A Fundación Rosalía de Castro comprométese a reflectir tal colaboración na portada da súa web e na sección Mecenaz da propia web cun bñner e unha ligazón á web do Concello de Brión, ademais de nas súas redes sociais. Asemade, queda a acordo de ambas as partes a posibilidade de facer presentacións públicas co obxectivo de publicitar este convenio.

Terceira. Contía da axuda.

O Concello de Brión comprométese a colaborar economicamente coa Fundación Rosalía de Castro de forma anual coa achega de 1.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.01 do Concello. Este convenio renovarase de forma automática de xeito anual coa duración de catro anos. Esta achega será compatible con outras posibles colaboracións entre ambas as dúas entidades.

Cuarta. Forma de Pagamento.

O pagamento realizarase mediante transferencia. O Concello de Brión poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actividades subvencionadas.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como data límite o 31 de decembro de 2025 unha memoria de actividades realizadas e a xustificación dos termos do acordo.

Quinta. Obrigas da entidade beneficiaria.

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2026, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 3812003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se

aproba o seu regulamento e, na Lei 9,2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Brión o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Brión así coma calquera outras de comprobación, achegando canta información lles sexa requirida.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- e) A entidade beneficiaria deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto, a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través de internet (web e redes sociais), de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas e entidades potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Brión.
- f) Producirase a perda do dereito de cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, desde o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera cláusula establecida no presente convenio.
2. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena. Responsabilidade.

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Brión quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Décima. Vixencia do convenio.

O presente convenio entrara en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos desde o 2025 ata o 2028, ambos incluídos.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Polo Alcalde do Concello de Brión. Polo Presidente da F. Rosalía de Castro.

Asdo. Don Pablo Lago Sanmartín. Asdo. Don Anxo Angueira Viturro.

Resultando que consta no orzamento de 2025 crédito dispoñible por importe de: 1.000,00 euros, con cargo á aplicación: 334.489.01.

Resultando que o convenio implica un gasto plurianual e que polo seu contido é competencia do Pleno, e visto o disposto no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Convalidar o convenio asinado anteriormente referenciado.
- 2º) Adoptar o compromiso firme de consignar nos orzamentos anuais de 2026, 2027 e 2028, a cantidade de: 1.000,00 euros/ano, que conleva o convenio asinado.
- 3º) Dar conta deste acordo ao xestor cultural do concello para a súa xestión, e á intervención para coñecemento e efectos.
- 4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10.2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 4/2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 16.12.2025, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministrados e servizos prestados en anos anteriores ao 2025, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada durante o ano 2025.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acreedor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo Axunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 15 de decembro de 2025, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación,

por un importe total de TRES MIL SETECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.748,74 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2025/40

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/1305	28/05/2025	612,92	B15944770	RODISTER, S.L.	FRA Nº 1 12173; RECOLLIDA PLÁSTICO AGRÍCOLA O 16.02.2024	2025 1621 22799
F/2025/1306	28/05/2025	648,56	B15944770	RODISTER, S.L.	FRA Nº 1 2415; RECOLLIDA PLÁSTICO AGRÍCOLA O 05.11.2024	2025 1621 22799
F/2025/1373	06/06/2025	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6745; COMUNIDADE LOCAL J - DECEMBRO 2024	2025 920 21200
F/2025/1375	06/06/2025	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6715; COMUNIDADE LOCAL J - NOVIEMBRE 2024	2025 920 21200
F/2025/1381	06/06/2025	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6744; COMUNIDADE LOCAL I - DECEMBRO 2024	2025 920 21200
F/2025/1382	06/06/2025	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6714; COMUNIDADE LOCAL I - NOVIEMBRE 2024	2025 920 21200
F/2025/1389	06/06/2025	28,03	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6743; COMUNIDADE LOCAL H - DECEMBRO 2024	2025 920 21200
F/2025/1396	06/06/2025	29,37	H15899115	COM.PROP.AGRO NOVO BLOQUES 1-2	FRA Nº - 6742; COMUNIDADE LOCAL G - DECEMBRO 2024	2025 920 21200
F/2025/1897	22/07/2025	925,65	B15067861	GRAFICAS GARABAL S.L.	FRA Nº 2025/1897; TRIPTICOS SANTA MINIA	2025 338 22602
F/2025/1917	27/07/2025	36,99	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE24321461882116; SUBMINISTRO ELECTRICO PS BALADO ALPUBL - PERIODO 19.01.2024 A 20.03.2024	2025 165 22100
F/2025/2026	21/08/2025	1.352,42	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE24321483586600; SUBMINISTRO ELECTRICO AV SANTA MINIA 70 ALPBL - PERIODO 01.09.2024 A 30.09.2024	2025 165 22100
TOTAL		3.748,74				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

11.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE A PROBLEMÁTICA CO SERVIZO DE TRANSPORTE.

No pleno anterior do mes de outubro xa trouxemos unha pregunta semellante no referido á problemática que padece o noso concello e a comarca en xeral no servizo de transporte.

Sabemos que o pasado día 5 do presente mes houbo unha xuntanza da Comisión do Seguimento do Transporte Metropolitano onde a Directora xeral de Mobilidade deu conta de posibles melloras na regularidade e nas paradas.

A nosa pregunta vai en relación a cales serán en definitiva as melloras detalladas que imos ter no Concello de Brión sendo como é un dos concellos que está actualmente a padecer a situación actual de falta de medios e de xestión do servizo. Entendemos que nesta xuntanza houbo o representante do noso concello e que foron detalladas e reclamadas todas as diversas problemáticas que ten a veciñanza das que o goberno municipal seguramente está ao corrente.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que na reunión que se celebrou coa Xunta de Galicia o 4 de decembro o alcalde fixo a proposta dunha nova parada preto do IES, e a directora xeral instounos a presentala por escrito, esperamos que sexa así porque nesa reunión se deu luz verde a outras peticións semellantes doutros concellos, e tamén deuse traslado de queixa pola regularidade do servizo e dixeron que tomaban nota; estamos a estudar os horarios necesarios ou si é necesario horarios puntuais que sexan máis urxentes, dixo a directora que o estudarían e nós agora estamos a estudar as peticións que nos trasladan os veciños.

2. SOBRE A PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PATRIMONIO.

O pasado 15 de outubro foi publicada no BOP a liña de subvención para protección especial do patrimonio promovida pola Deputación da Coruña tal e como xa lle consta ao equipo de goberno.

Sabemos da vontade do concello de solicitar acollerse a esta liña para algún ben patrimonial do concello que sexa susceptible de recuperar, por desgraza temos moitísimos que están nesa situación de vulnerabilidade e que estaría mais que xustificada a súa inclusión.

Sendo a lista tan longa e urxente, e sabendo da dificultade de inclusión de todos os bens en perigo, e a espera de que patrimonio da Xunta de Galiza (quen ten a competencia superior en materia de protección) faga o seu traballo dunha vez tamén en materia patrimonial, solicitamos que o equipo de goberno promova a recuperación, posta en valor e protección das MAMOAS DE RAÑALONGA, sendo conscientes de que o importe non cubrirá todo o traballo a realizar propoñemos o inicio do mesmo, ou mesmo a colaboración de outras administracións. Entendemos dende este grupo, seguramente que dende todos os grupos, que as mámoas son un símbolo patrimonial, cultural e mesmo social do noso concello, sabemos da precariedade actual no que están e da urxencia que merece comezar a actuar, sendo motivos máis que suficientes para que se solicite a subvención oportuna.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o pasado 20 de novembro houbo unha reunión informativa na deputación e no referente as mámoas incumpren varios requisitos esixidos nas bases da convocatoria; non están no inventario, están en terreos privados e son un número moi elevado para facer, logo da negociación, convenios de cesión con todos os propietarios; non obstante sinalar que o concello no seu día fixo un estudo sobre as mámoas que foi editado pola deputación.

A Ponte de Vidalloiso é o que se vai pedir, porque consideramos que cumpre todos os requisitos da convocatoria sobradamente e esperamos que a deputación nos dea a subvención.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que están en terreos privados, pero poden facerse cesións por parte dos titulares e que o 31 remata o prazo para presentar a solicitude, e que con 150.000 euros chegaría para unha ou dúas mámoas, pero penso que debe empezarse a estudar a posibilidade para outros anos.

O Sr. Alcalde sinala que a prioridade é a ponte dada a situación na que se atopa.

3. SOBRE A COMPRA DE PARCELAS PARA VIVENDA PROTEXIDA.

Hai xa un ano o concello anunciou a compra de catro parcelas en Liñares para a promoción e construción de vivenda protexida. No seu día, nos medios habituais, cualificouse como “día histórico para Brión”.

A día de hoxe non temos máis noticias de como está a evolucionar dita promoción, calendarios, promotora que o vai desenvolver, e sobre todo, o máis importante, de que forma vaise ver beneficiada a veciñanza do en canto o retorno dos cartos públicos utilizados para a compra das parcelas e que agardamos se convertan en vivenda pública o antes posible.

Dada a nula xestión que está a realizar o concello en materia de vivenda, a desidia, a falta de coñecemento da realidade da situación urbanística e polo tanto a falta absoluta de iniciativas para incidir dunha ou outra forma na situación da vivenda na medida das competencias posibles, agardamos que polo menos neste tema sexa o máis áxil posible e sobre todo, coa máxima transparencia que se esixe nun tema como este.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que parece mentira que falen vostedes de desidia e falta de iniciativa do goberno municipal en materia de vivenda, xa que a compra das parcelas á Sareb por parte do concello foi a culminación dunha operación moi traballada, e á que se lle dedicou moitísimo tempo, e foi a primeira iniciativa municipal para implantar vivenda colectiva no concello.

Así que de desidia e falta de iniciativa nada, porque esta é a primeira vez na historia de Brión que se adquiren parcelas para promover vivenda protexida.

Agora ben, como vostedes deberían saber, para levar a cabo dita actuación ou ben se negocia a colaboración doutra administración (sexa o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, ou o SEPEs, do Estado), ou ben se licita e contrata directamente por parte do concello a construción e promoción cunha ou varias empresas. Obviamente, ningunha de tales actuacións se fai dun día para outro. O único que lle podo dicir é que levamos todo este tempo explorando as tres vías en paralelo, falando co IGVS, co SEPES, e traballando ao mesmo tempo na redacción dos correspondentes pregos, para o caso de que finalmente se contrate a construción e promoción directamente dende o concello, e en breve estaremos en condicións de anunciar cal de ditas vías será a escollida.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González